

## MUSEO LISTE - ETNOGRÁFICO DE VIGO

### PROGRAMACIÓN 1º TRIMESTRE 2016

### MUSEO LISTE VIGO

#### EXPOSICIÓN PERMANENTE

Percorrido organizado en diversas salas temáticas que amosan unha ampla visión antropolóxica da cultura tradicional galega.

A rotulación dos contidos permite a realización de percorridos autónomos. Aínda así, os itinerarios guiados continúan a desenvolverse igualmente, para grupos ( a partir de 10 persoas), previa solicitude e, para visitantes particulares, nos días e horas establecidos para tal fin .

#### VISITAS GUIADAS:

Disponibles, como ven sendo habitual, para grupos previa solicitude.

Para o público en xeral, os percorridos guiados realizaranse os mércores ás 17:30 h. e os sábados ás 11:30 h.



#### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

##### O INFINITO CAMIÑAR DO TEMPO

*Contido:* reloxos de sol, clepsidras, reloxos de area e de lume, astrolabios e nocturlabios, reloxos de roda, de péndulo, de bolas, de cuarzo e atómicos son as pezas presentes nesta exposición que, a modo de breve historia da relojería e a súa evolución, documentan o deveso que o ser humano sempre sentiu por cuantificar o paso do tempo.

*Lugar:* Sala de exposicións temporais do Museo Liste.

*Datas:* prorrogada ata o 31 de xaneiro.

*Soposte didáctico:* colección pertencente a D. Domingo Pérez Somoza, de “Domingo Joyeros”, xoiaría creada en 1950 en Monforte de Lemos (Lugo).



### **CON PÉS E CABEZA (EXPOSICIÓN ITINERANTE)**

*Contido:* continúa en exhibición, no Castelo de Sobroso, esta exposición itinerante que comezou a súa andaina no ano 2010 na sede do Museo.

*Lugar:* Castelo de Sobroso, Centro de Recuperación da Cultura Popular (Pontearas).

*Datas:* sen especificar data de clausura.

*Soposte didáctico:* diversas pezas relacionadas coa indumentaria coas que se cubrían pés e cabeza que permiten un percorrido pola historia.

### **ACTIVIDADES PERTENCENTES AO CICLO ANUAL**

#### **O ENTROIDO TRADICIONAL: PROTAGONISTAS, OS ANIMAIS.**

*Contido:* dende “A Morena de Laza” ata o “Oso de Salcedo”, varios son os animais que protagonizan ou xogan un papel importante nos diversos entroidos galegos. A través desta actividades familiarizarémonos con algúns deles, as súas orixes e particularidades. Remataremos coa realización dunha careta de Entroido.

*Lugar:* Museo Liste.

*Datas:* do 2 ao 13 de febreiro de 2016.

*Duración:* 45 m. aproximadamente.

*Dirixida a:* grupos de nenos e nenas de Educación Primaria, previa solicitude.

*Soposte didáctico:* monitoraxe e diversos materiais.



Foto: [www.carnavalexhibit.org](http://www.carnavalexhibit.org)

## **XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN: MULLER E PARTICIPACIÓN NA SOCIEDADE**

*Contido:* charla impartida co gallo da celebración do Día Internacional da Muller. Celebrado cada ano o día 8 de marzo e recoñecido pola ONU como data reivindicativa de igualdade e de análise sobre a situación das mulleres na sociedade.

*Lugar:* Museo Liste.

*Datas e horarios:* martes, 8 de marzo ás 12:30 h.

*Dirixida a:* público en xeral, entrada gratuíta.

*Duración:* 60 m.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

### **HISTORIAS DAS RÚAS**

*Contido:* o Museo continua este trimestre coas actividades tendentes a coñecer mellor a nosa cidade. Con “Historia das rúas” achegarémonos ao noso rueiro e aos persoeiros que lle deron nome a través de percorridos de coñecemento das súas persoais vidas; quen foron, a que se dedicaron, que queda deles na nosa cidade, desvelándonos curiosos aspectos do noso patrimonio.

Este trimestre estará dedicado a algunhas das mulleres que figuran no noso rueiro como María Berdiales, Antía Cal, Julia Minguillón, ...

*Lugar:* Museo Liste.

*Datas:* a partir do 15 de xaneiro.

*Dirixida a:* público en xeral

*Soporte didáctico:* monitoraxe, documentación e paneis informativos.



## **TALLERES DE COÑECEMENTO**

### **ENCAIXANDO ANACOS**

*Contido:* ao longo do percorrido polo Museo, os nenos poderán atopar diversas pezas que posteriormente terán que compoñer, descubriendo así os obxectos expostos.

*Lugar:* Museo Liste.

*Datas:* durante todo o ano.

*Duración:* 60 m.

*Dirixida a:* grupos de nenos e nenas de Educación Infantil previa solicitude.

*Soporte didáctico:* monitoraxe e pezas de quebracabezas.

### **OS XOGUETES ESQUECIDOS**

*Contido:* mostra de xoguetes co obxectivo de introducir aos nenos na comparativa entre épocas analizando a evolución das pezas e dos materiais que conformaban os aspectos lúdicos da infancia. A través da observación da necesidade da presenza do xogo na nenez, achegarémonos ás distintas concepcións desta etapa da vida.

*Lugar:* sala “O devir das estacións”

*Datas:* durante todo o ano previa solicitude para grupos.

*Duración:* 1 h.

*Dirixido a:* grupos escolares de Educación Infantil e Primaria previa solicitude.

*Soporte didáctico:* pezas pertencentes á colección do Museo Liste e a distintas coleccións privadas; audiovisuais e monitoraxe.



## CONVOCATORIAS CONCURSOS.

### CONVOCATORIA III CONCURSO FOTOGRAFICO

*Contido:* convocatoria que rexerá a realización do III Concurso Fotográfico promovido polo Museo Liste. No cadro anexo atópase o adianto das bases desta convocatoria que se publicarán na páxina web do Museo a partir do vindeiro 1 de marzo.

O tema proposto para este ano é “Vigo: símbolos da cidade”. A temática ten a intención de recoller aqueles símbolos que os cidadáns consideran representativos da cidade olívica.

Como ven sendo habitual, establécense dúas categorías: menores de 18 anos e maiores de 18 anos.

Os premios entregaranse o 18 de maio, Día Internacional dos Museos.

### As bases da convocatoria figurarán na páxina web do Museo a partir do 1 de marzo

Tipo de presentación	A través de correo electrónico ao seguinte enderezo ( <a href="mailto:didactica@museoliste.org">didactica@museoliste.org</a> )
Participantes	Libre
Temática	Temática: “Vigo: símbolos do pasado”.
Categorías	Dúas categorías de participación: 1º categoría: participantes ata 18 anos. 2º categoría: participantes a partir dos 18 anos.
Premios	Establécense 3 premios por categoría. Os autores das obras seleccionadas recibirán unha figura conmemorativa e a exposición da súa obra durante 15 días na sede da Fundación Liste -Museo Etnográfico de Vigo. A entrega do premio realizarase o día 18 de maio “Día Internacional dos Museos” ás 12:00 h. na sede do Museo.
Prazo de entrega	Ata o 1 de maio de 2016
Selección de obras, xurado e fallo	O xurado que seleccionará as obras gañadoras estará formado por expertos en fotografía, membros do Padroado da Fundación Liste e persoal técnico do Museo. O fallo será publicado na páxina web do Museo.
Outros datos de interese	Cesión dos dereitos de reprodución das fotografías gañadoras <b>sempre que se mencione o autor e teña como fin a divulgación e promoción cultural e, en calquera caso, sen ningún tipo de beneficio económico.</b>

## CONVOCATORIA IV CONCURSO DE RELATOS

*Contido:* apertura da convocatoria para o IV Concurso de relatos promovido polo Museo Liste de Vigo celebrado co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, data na que serán entregados os premios.

No cadro anexo atópase o adianto das bases desta convocatoria que se publicarán na páxina web do Museo a partir do vindeiro 1 de marzo.

*Dirixido a:* nenos e nenas de Educación Primaria.

*Temática:* “Unha fábula”.

*Prazo de admisión das obras:* ata o 1 de maio de 2016.

*Bases:* na páxina web do Museo Liste ([www.museoliste.org](http://www.museoliste.org)) a partir do 1 de marzo. É imprescindible que os traballos presentados se axusten ás normas recollidas nas bases.

### As bases da convocatoria figurarán na páxina web do Museo a partir do 1 de marzo

Temática	Temática: “Unha fábula”.
Idioma	Galego.
Participantes e categorías	Nenos e nenas de Educación Primaria. Categorías: A: nenos e nenas de 1º e 2º de Educación Primaria. B: nenos e nenas de 3º e 4º de Educación Primaria. C: nenos e nenas de 5º e 6º de Educación Primaria.
Formato e modo de presentación.	Os traballos presentados ao concurso terán unha presentación e extensión libres, manuscritos ou a ordenador. Serán presentados ben na sede do Museo Liste, na Rúa Pastora, nº 22, enviados por correo ordinario a dita dirección, ou a través do enderezo de correo electrónico: <a href="mailto:didactica@museoliste.org">didactica@museoliste.org</a> dende o que se enviará confirmación de recepción. Nos traballos deberán constar os datos dos participantes (nome, idade, curso) e o contacto (telefono de pai, nai ou titor ou do centro educativo en caso de ser iniciativa deste).
Premios	Establécense 3 premios, 1 premio por cada categoría. A entrega dos premios realizarase o día 17 de maio “Día das Letras Galegas” ás 12:00 h. na sede do Museo.
Prazo de presentación dos traballos	Ata o 1 de maio do 2016.

## INFORMACIÓN XERAL

### HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

#### PREZOS DE ENTRADA AO MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1 €. menores de 12 anos 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuíto: menores de 6 anos; Centros de Ensino (do Concello de Vigo) e Asociacións da 3ª Idade (do Concello de Vigo); exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

#### CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

[recepcion@museoliste.org](mailto:recepcion@museoliste.org)

[visitas@museoliste.org](mailto:visitas@museoliste.org)

[www.museoliste.org](http://www.museoliste.org)